



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral  
de Desenvolvemento Pesqueiro



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Europeo Marítimo e de  
Pesca (FEMP)

## **PROXECTO PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MARIÑA DA CONFRARÍA DE CAIÓN.**

**PE209C - 2017F - 005**

**ENTIDADE BENEFICIARIA: CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAIÓN.**

**IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA: 16.800,00 euros**

**PROGRAMA OPERATIVO FEMP 2014-2020**

**Proxecto cofinanciado polo FEMP nun 75%**

## **DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS.**

O **Obxectivo principal** do proxecto persigue acadar unha xestión responsable e sostible dos recursos mariños explotados e dos seus habitats costeiros, facendo uso de servizos de vixilancia, e doutro lado concienciando ao sector (posiblemente a través de formación en responsabilidade social) de que os recursos que explotan son limitados, e que unicamente a través dunha xestión responsable (Xestión do común, do que é de todos), acadaremos unha xestión racional.

**Obxectivo Específico** do proxecto: Vixilancia e control de acceso aos recursos mariños no ámbito territorial da confraría de Caión.

No relativo as tarefas de vixiancia, a Confraría acometerá as seguintes accións:

- Realización dos traballos de Coidado, Control, Seguemento e Vixilancia dos bancos marisqueiros, en cooperación coa Consellería de Pesca.
- Control do furtivismo interno e externo
- Control de topes de capturas
- Control horarios de acceso ó recurso (os establecidos legalmente mediante a correspondente resolución)
- Fixación e delimitación dos puntos de control.
- Organización de grupos de vixiancia entre os asociados.
- O servizo de vixiancia actuará baixo a supervisión do servizo de Protección de Recursos en estricta colaboración con este, achegando todos aqueles datos e informes que lle poidan ser requeridos por éste sobre a materia.

E se COMPROMETE a:

- Aportar os medios necesarios (transporte e outros) para realización deste proxecto.
- Os medios previstos poderán utilizarse, así mesmo, polos servizos da Consellería para o exercicio das accións previstas.
- Responsabilizarse do persoal e dos medios que interveñan na execución dos traballos, a efectos laborais, de control dos horarios, organización do traballo e en todos aqueles aspectos que na execución da acción lle competen.
- O persoal contratado actuará baixo a supervisión do servizo de Protección de Recursos en estricta colaboración con este,

achegando todos aqueles datos e informes que lle poidan ser requeridos por éste sobre a materia.

- O persoal poderá formular denuncias de infracción, por faltas cometidas nas areas de autorizacións e concesións que serán tramitadas a través do SPR.
- O persoal contratado para a realización das tarefas deberá acreditar estar en posesión da habilitación de garda particular de campo coa especialidade de gardapesca marítimo, prevista na Lei 23/92, do 30 de Xullo, de seguridade privada.
- A Confraría aboará o salario establecido legalmente según a categoría do persoal contratado.
- Facer un seguemento conxunto coa Consellería do desenvolvemento da acción aportando os medios necesarios para o mesmo.
- Poñer en coñecemento da Consellería calquer incidencia que afecte a realización ou desenvolvemento das tarefas a realizar.
- Por a disposición da Consellería toda cantidade de información que sobre coidado, control, seguemento e vixilancia das accións requiridas lle sexa requirida.